



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 22 DE XULLO DE 2015

Ás 9.33 h, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno que preside o Reitor Magnífico D. Xosé Luís Armesto Barbeito, de acordo coa orde do día que figura no **anexo I** e coas persoas asistentes que se relacionan no **anexo II**. Escusan a súa ausencia Manuel-Reyes García Hurtado, Susana Ladra González, Nuria Varela Feal, María Inmaculada García-Fuentes Corredoira e Daniel Pena Agras.

Tras a comprobación do quórum legal necesario para realizar a sesión, o reitor abre esta e dá paso ao primeiro punto da orde do día.

1. Informe do reitor

O **reitor** informa, en primeiro lugar, da realización o pasado mércores 15 de xullo dunha reunión dos tres reitores cos conselleiros de Educación e de Facenda. Nesta reunión, a Xunta presentou as liñas xerais do PFSUG para o período 2016-2020.

Desta presentación á prensa, o reitor destaca varios aspectos.

- Hai un incremento da cantidade total prevista para os vindeiros cinco anos que se concreta apenas en 7 millóns de euros anuais para as tres universidades.
- En segundo lugar, o financiamento estrutural e por obxectivos absorbe dous e un terzo, respectivamente, do conxunto do plan.
- Mellórase un dos aspectos máis negativos do plan actualmente en vigor: os criterios de repartición do fondo estrutural ou histórico pasan a ser máis claros. Coa nova proposta, tal e como viñemos reclamando durante anos, abandónase a repartición tradicional por criterios “históricos” a favor duns novos criterios máis obxectivos, baseados nun módulo estándar, común, do custo da docencia. O reitor considera que este custo estándar do servizo docente permitirá mellorar o financiamento estrutural da Universidade da Coruña, que era o máis baixo das tres universidades.



O reitor indica que as previsións de calendario da Xunta son as seguintes. Durante este mes de xullo, os vicerreitores de Economía reuniranse cos responsables da Xunta para ir pechando o acordo en materia de indicadores do terzo variable. En setembro o proxecto de plan someterase ao informe preceptivo do Consello Galego de Universidades, para a súa aprobación posterior pola Xunta de Galicia.

O reitor comenta que a apertura conxunta do curso académico 2015-2016 terá lugar na nosa Universidade o día 4 de setembro. Este día non será lectivo, polo que convida a que asista o maior número posible de membros da comunidade universitaria. A lección inaugural será impartida polo profesor José Manuel Cardesín Villaverde, da Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física.

Anuncia que o vindeiro 7 de setembro terá lugar unha reunión da CRUE en Madrid. Entre outros puntos, nela tratarase a postura definitiva da CRUE sobre o 3+2. Previamente, fíxose unha enquisa ás universidades sobre as previsións de implantación de graos de 180 créditos.

Por último, o reitor informa do nomeamento de José Pérez Sestelo como director dos SAI.

A continuación, o reitor cédelle a palabra ao vicerreitor de Investigación e Transferencia, quen informa, en primeiro lugar, da publicación da convocatoria de agrupacións estratéxicas da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, da publicación da convocatoria de axudas para estadias internacionais predoutorais UDC-INDITEX e da publicación das resolucións de axudas de investigación UDC 2015 en diversas modalidades. No ámbito das empresas participadas pola UDC o vicerreitor informa tamén sobre a oferta de compra da *spin-off* SYNTERACTIVE, S.L., presentada pola empresa CINFO CONTENIDOS INTERACTIVOS, S.L., e da formalización ante notario da empresa Centro de Estimulación Cerebral de Galicia. O vicerreitor informa tamén das previsións do MINECO de publicación, durante o que resta deste mes de xullo, da resolución definitiva de concesión dos proxectos dos Programas Estatais de Fomento da Investigación Científica e Técnica de Excelencia e [de I+D+i Orientada aos Retos da Sociedade](#).

O **vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías** informa dos títulos que superaron o proceso de acreditación (seis graos e nove mestrados, mais seis mestrados interuniversitarios non coordinados pola



UDC), que se suman aos títulos acreditados no proceso piloto do ano pasado. En total, levamos xa acreditados 11 graos e 17 mestrados.

O vicerreitor comenta os avances producidos na acreditación dos sistemas de garantía da calidade dos centros: aos cinco centros acreditados do ano pasado súmanse agora as Facultades de Ciencias e Fisioterapia.

Informa dos plans de viabilidade das titulacións que non cumpren cos requisitos do Decreto 222/2011, do 2 de decembro. Hai tres meses para presentar os plans de viabilidade das titulacións do grao en Galego-Portugués, grao en Humanidades e grao en Documentación.

Por último, informa da sinatura dun convenio coa Xunta de Galicia para desenvolver o plan estratéxico do campus de Ferrol durante o vindeiro curso académico.

O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente informa de que a Xunta de Galicia autorizou todas as prazas de profesorado que se aprobaron no Consello de Goberno do 30 de xuño, polo que inmediatamente serán convocadas conforme á normativa reguladora. Comenta tamén a necesidade de convocar sobrevidamente dúas prazas de contratado interino de substitución para a docencia de Dereito Laboral en Ferrol e para cubrir a docencia en Dereito Administrativo que queda sen cubrir polos servizos especiais da profesora Marta García.

A vicerreitora de Planificación Económica e Infraestruturas informa da realización na Consellaría de Facenda da primeira reunión sobre o plan de axuste da UDC.

A vicerreitora do campus de Ferrol e Responsabilidade Social informa de que o día 1 de xullo se resolveu o Concurso de Proxectos organizado pola Universidade da Coruña e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia coa finalidade de adxudicar a concesión da cafetería-comedor do campus de Ferrol en Esteiro, así como o seguimento e asesoramento empresarial ao proxecto premiado. Como xa se ten dito neste CG trátase dunha iniciativa cara a favorecer o emprendemento e a creación de emprego e que permite a explotación da cafetería universitaria como viveiro de empresas cooperativas do sector da hostalería.

En segundo lugar, informa de que a Fundación ONCE vén de convocar a segunda edición do programa de bolsas denominado ‘Oportunidad al



Talento' co que se quere promover unha formación de excelencia e favorecer a especialización do estudantado universitario con discapacidade.

En total ofrécense seis modalidades de bolsas: modalidade transnacional; mestrado e posgrao; doutoramento e investigación, ademais dunhas bolsas específicas para estudantes de enxeñaría en colaboración coa Fundación INECO. O prazo para solicitar estas bolsas remata o 16 de outubro. Pódese atopar toda a información na páxina da ONCE e na páxina web da Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social. Hai que sinalar que, na primeira convocatoria deste programa, a UDC obtivo un bo resultado acadando entre outras axudas unha das dúas bolsas de doutoramento ofertadas.

2. Aprobación, se proceder, do borrador da acta da sesión ordinaria do 30 de xuño de 2015

O secretario xeral somete á aprobación do Consello o borrador da acta da sesión ordinaria do 30 de xuño, indicando que Xosé Portela achegou unha transcripción literal da súa intervención no pasado Consello de Goberno, que pasa a integrarse como anexo, de conformidade co artigo 27.2 da LPAC.

Tras o anterior, a acta é aprobada por asentimento.

3. Contratos e convenios

Para os efectos de cumprir o que establece o artigo 27.2 dos Estatutos da Universidade da Coruña, o secretario xeral dá conta dos convenios que figuran no **anexo III**, que se clasifican nesta ocasión en tres (3) convenios marco, nove convenios específicos (9), e cincuenta convenios para prácticas (50) e que cumpriron todos os trámites preceptivos previos que se requiren para a súa aprobación polo Consello de Goberno nesta sesión.

A listaxe apróbbase por asentimento.

4. Propostas de acordo sobre o procedemento de elaboración do Plan director de racionalización de estruturas académicas da UDC

O reitor cédelle a palabra ao secretario xeral, quen explica que, tras o debate do Consello de Goberno do 30 de xuño, se abriu un período de achega de propostas para elaborar o Plan director.



Na documentación do Consello de Goberno para este punto as propostas agrupáronse do seguinte xeito.

Por unha banda, consta a proposta elaborada polos decanatos dos centros (agás a ETS de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos e a EU de Deseño Industrial).

E por outra banda, diversas propostas achegadas pola Facultade de Socioloxía, Facultade de Fisioterapia, Facultade de Ciencias da Saúde, o Departamento de Representación e Teoría Arquitectónicas, os representantes de estudantes no Consello de Goberno, os presidentes dos órganos de representación dos traballadores e Fernanda Miguélez.

O secretario xeral propón que se tome como documento base de calquera transacción a primeira proposta, por ser a máis apoiada. Neste sentido, indica unha proposta de posible transacción cos representantes do Comité de Empresa e Xunta de Persoal, tanto de PDI como de PAS:

Proposta de transacción:

Terceiro: Os/as directores/as de centros que forman parte da comisión terán que informar periodicamente os/as directores/as dos departamentos, cuxa sede se atope no centro que dirixen, da evolución dos traballos, garantindo así a correcta transmisión de ideas e observacións desde e cara a todas as estruturas académicas da UDC.

Os membros do equipo de goberno con competencias en materia de persoal terán que informar periodicamente os/as membros da xuntas de persoal e comités de empresa do PDI e do PAS, garantindo así a correcta transmisión de ideas e observacións desde e cara aos órganos de representación dos traballadores e traballadoras da UDC.

A continuación, ábrese unha quenda de intervención para que se defendan as propostas presentadas.

Como cuestión de orde, Manuel Casteleiro pregunta se segue viva a proposta do equipo de Goberno presentada o 30 de xuño. O reitor aclara que se retirou esa proposta, de modo que o equipo de goberno non ten ningunha viva propia, así que apoiará a dos decanatos con aquelas transaccións que se acorden neste Consello de Goberno.



En representación dos/as decanos/as asinantes da primeira proposta, Ana Iglesias Galdo defende esta proposta, que foi froito de tres reunións. Durante estas conversas, fíxose un esforzo de conter o número de membros, para manter a operatividade sen diminuír a capacidade de representación. Para esta primeira andaina de elaboración de criterios, considerouse que as direccións de centros ían ter unha visión máis global e abranxente. O último criterio desta proposta é favorecer un proceso de exposición pública, tal e como se fai cos títulos, que incentive a participación da comunidade universitaria.

O representante de estudantes Guillermo Lorenzo comparte a filosofía da proposta dos decanatos, aínda que considera que nela a representatividade do sector de estudantes está minguada respecto da que hai no Consello de Goberno, polo que reclama que se inclúan cinco estudantes, coa posibilidade de que haxa suplencias.

Inés Pernas explica que fixo a súa proposta pensando na representatividade das áreas de coñecemento. Considera que hai departamentos implicados na reestruturación, polo que considera que deben estar informados das propostas e, polo menos, representados por un representante.

Fernanda Miguélez explica tamén a súa proposta: unha comisión máis cativa que agrupe a reestruturación por ramas de coñecemento.

Unha vez defendidas as distintas propostas, ábrese unha quenda de intervencións.

Ignasi Colominas explica que non apoiou a proposta dos decanos por considerar que debería haber unha representación de directores de departamento. Poderían ser os do Consello de Goberno.

Manuel Casteleiro vai na mesma liña de considerar que tamén deberían estar representados os directores de departamento, dado que o obxecto do plan director van ser os departamentos. Nunha comisión xa tan numerosa, debería haber algunha representación, que poderían ser os directores membros do Consello de Goberno.

Anxo Calvo explica os criterios de encaixe dos directores de departamento no grupo de traballo, que foron moi discutidos para elaborar esta proposta. O punto terceiro establece a obriga de que os directores de centro informen puntualmente aos departamentos adscritos ao seu centro, e de facer audiencia á comunidade universitaria. Posteriormente, o documento que se



aprobe no grupo de traballo terá que se someter ao Consello de Goberno, onde xa hai representación dos directores de departamento. A proposta de transacción comentada polo secretario xeral parécelle lóxica. Tamén lle parece correcta a suplencia dos estudantes.

Xosé Portela tamén solicita suplencias para os representantes do PAS no grupo de traballo. A proposta dos decanos e directores parécelle suficiente para o sector do PAS, mais tamén lle parece apoiable a proposta de cinco representantes dos estudantes, e a representatividade directa dos órganos de representación sindical do PDI.

Sonia Rodríguez Beltrán critica que se retirase un representante do estudantado na proposta do Departamento de Teoría e Representación Arquitectónica, e mantén a solicitude dos 5 representantes dos estudantes.

José Venegas comenta tres cuestións. O documento non fala de prazos, mais considera que van ser moi longos e ineficientes. O grupo de traballo ten un tamaño excesivo para ser operativo. Ademais, as persoas representadas son as mesmas que as do Consello de Goberno. A súa proposta é que un terceiro faga a proposta: encargarlo a outra universidade, por exemplo.

O reitor agradece todas as suxestións e posicionamentos, que considera razoables. Comeza pola última intervención. Aínda que é unha proposta interesante e razoable, o principio de autogoberno das universidades, recollido pola propia Constitución, fai que a autonomía deba exercerse precisamente para xerar consensos e corresponsabilidade nestes temas tan sensibles entre os destinatarios e protagonistas da vida universitaria. O equipo de goberno consideraba valiosa a súa propia proposta, pero non ten inconveniente en aceptar a proposta dos decanos, que ten aspectos igualmente positivos, se serve para chegar a un acordo de todos e todas.

O reitor considera que se pode pechar o acordo coa transacción proposta para o punto tres, a inclusión de suplentes para os representantes de PAS e estudantes, e a apertura da suplencia dos directores dos centros a calquera persoa en que deleguen.

Manuel Casteleiro, Ignasi Colominas e Fernanda Miguélez expresan a súa abstención á aprobación do punto.

Moisés Canle quere que conste expresamente a responsabilidade que están a asumir os decanatos.



Nona Inés Vilariño está convencida de que a comisión vai ser representativa, pero tamén manifesta o seu apoio á presenza dos directores de departamento.

Ana Barxa manifesta a abstención dos representantes dos estudantes, aínda que agradece a posibilidade das suplencias dos catro representantes dos estudantes.

Tras as anteriores intervencións, o punto apróbase por asentimento e incorpórase como **anexo IV** á acta da sesión.

5. Acordo de renovación de títulos propios

O reitor cédelle a a palabra ao vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías. Hai unha nova proposta, a do Mestrado Interuniversitario en Xestión da Información da Construción, da EUAT en colaboración coa Politécnica de Valencia. Ademais, renóvase o curso de especialización do título satélite sobre BIM.

Os títulos pasaron pola Comisión de Estudos de Posgrao, e os convenios están informados favorablemente pola secretaría xeral.

Apróbase por asentimento e incorpórase como **Anexo V**.

6. Propostas de modificación e creación de títulos oficiais

Retoma a palabra o vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías para expor o punto.

Trátase de propostas de novos títulos de mestrado: Bioinformática para Ciencias da Saúde; Eficiencia e Aproveitamento Enerxético (Interuniversitario con Bragança); Mestrado Universitario en Formación de Profesorado dirixido a docentes ecuatorianos, que é transformación do mestrado propio baixo as condicións e características da *“I Convocatoria de la Fundación para la Proyección Internacional de las Universidades Españolas-Universidad.es para participar en el Programa de Maestrías en Formación del Profesorado, destinado a docentes ecuatorianos”*; Mestrado Universitario en Planificación e Xestión de Destinos e Novos Produtos Turísticos, así como o Mestrado Universitario en Políticas Sociais e Intervención Sociocomunitaria, en substitución do MOMI.



Tamén se inclúe un novo Programa de Doutoramento en Ciencias Sociais e do Comportamento, que explica o vicerreitor de Investigación e Transferencia, e que sitúa entre dúas facultades, a de Socioloxía e Ciencias da Educación. Valora positivamente o seu enfoque e oportunidade, pois permitirá ter doutores na Facultade de Socioloxía.

En canto ás propostas de modificación dos graos, achéganse diversas modificacións dos Graos de Bioloxía, Comunicación Audiovisual, Dereito, Enfermaría, Química, Tecnoloxía da Enxeñaría Civil e Turismo, que explica o vicerreitor.

Finalmente, achéganse propostas de modificación de mestrados oficiais: Asesoramento Xurídico Empresarial; Bioloxía Mariña; Estudos da Unión Europea, Dirección Integrada de Proxectos; Investigación Química e Química Industrial, Literatura, Cultura e Diversidade; Rehabilitación Arquitectónica.

Apróbase por asentimento e incorpóranse como **Anexo VI**.

7. Autorización da creación de Nerxus, empresa participada pola UDC (spin-off)

O vicerreitor de Investigación e Transferencia solicita que se autoricen os trámites de creación dunha nova spin off. Explica que a iniciativa de creación desta *spin off* parte dos profesores Sonia Zaragoza Fernández, Salvador Naya, José López Beceiro, Javier Tarrío e Ana Álvarez. A *spin-off* dedicarase a comercializar ferramentas específicas de tratamento de datos (*bid data*) para a optimización da eficiencia enerxética.

Todos os profesores solicitan a dedicación a tempo parcial á empresa en función da súa capacidade económica, así como unha participación do 19% no capital social da empresa, que se fixa inicialmente en 3000 € A UDC tería un 5% do capital inicial, que se computaría como achega en especie (transferencia de coñecemento á empresa).

Mañá remitirase esta proposta ao Consello Social para a súa aprobación definitiva.

Apróbase a proposta por asentimento dos membros do Consello de Goberno e incorpórase como **Anexo VII**.



8. Proposta de modificación do Regulamento de estudos de doutoramento

Continúa coa palabra o vicerreitor de Investigación e Transferencia, quen explica que se trata dunha proposta de modificación puntual aprobada pola Comisión Permanente da EIDUDC do 9 de xullo, con dúas finalidades: incorporar as referencias ao Real decreto 43/2015, do 2 de febreiro; e reducir a tres o número mínimo de integrantes dos tribunais de doutoramento, como xa se fai en distintas universidades españolas (Carlos III, Vigo etc.). Tamén se retira a excepcionalidade da presenza dun dos membros do tribunal por videoconferencia.

Isto implica modificar os artigos 15, 36 e 37 e a redacción dos artigos 1 e 3, tal e como se inclúe na proposta.

Indica, por último, o vicerreitor que a modificación dos artigos 36 e 37 entrará en vigor o 1 de setembro de 2015 e afectará ás teses depositadas desde o 1 de setembro de 2015, inclusive.

Na quenda de intervencións, Luis Castedo dálle os parabéns ao equipo de goberno pola decisión de reducir a tres os tribunais de doutoramento. Pregunta como se vai facer a xestión da mención internacional. Ignasi Colominas responde, como membro da Comisión Permanente da EIDUDC que, polo menos, un membro debe ser alleo, con dous informes externos.

Miguel Muñoz manifesta tamén o seu apoio expreso á iniciativa. Tamén comenta que, nesta liña de axilizar os trámites, se podía continuar co repositorio documental de teses, para evitar que se teñan que remitir en papel os exemplares da tese.

Manuel Casteleiro tamén valora positivamente o acordo, e comenta como se vai xestionar a paridade nas suplencias. O vicerreitor aclara que a paridade debe cumprirse nos membros propostos, non nos nomeados.

Fernando Agrasar considera que o envío da documentación por vía informática pode ser insuficiente cando as teses teñen un apoio gráfico importante, polo que haberá que atender tamén estas especificidades.

Tras as anteriores intervencións, o punto apróbese por asentimento, e incorpórase como **anexo VIII**.

9. Proposta de convocatoria dunha praza de PDI contratado



O reitor cédelle a palabra ao vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente, que solicita autorización para convocar unha praza de axudante doutor na Área de Máquinas e Motores Térmicos, por promoción do axudante acreditado. Ten o informe favorable da COAP e da mesa sindical.

Apróbase por asentimento e incorpórase o acordo de autorización como **anexo IX** á acta deste Consello de Goberno.

10. Proposta de modificación da dedicación de PDI. Curso académico 2015/2016

O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente solicita pasar a dedicación da praza de contratado interino de substitución (CIS) de Filosofía do Dereito, ocupada por Rosana Triviño Caballero, de P04 a P05, por circunstancias sobrevidas (excedencia concedida ao profesor Pedro Serna Bermúdez o 1 de xullo).

Apróbase por asentimento e incorpórase como **anexo X**.

11. Proposta de cambios de departamento/área de coñecemento

O vicerreitor solicita autorización para o cambio de área de coñecemento do profesor axudante doutor Pablo Gallego Picard, que pasaría da Área de Proxectos Arquitectónicos á de Urbanística e Ordenación do Territorio, e do CIS Pablo Abeal Vázquez, que pasaría da Área de Economía Aplicada á Área de Economía Financeira e Contabilidade.

Ambos os dous cambios implican cambio de departamento, e teñen informes favorables dos departamentos implicados.

Anuncia que, ao seu xuízo, é conveniente comezar a elaborar unha normativa máis específica para xestionar estes cambios de área de coñecemento.

Apróbase por asentimento e incorpórase como **Anexo XI**.

12. Proposta de adscrición de áreas de coñecemento en materias de formación básica

O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente solicita autorización para cambiar a adscrición de áreas de coñecemento en materias de



formación básica que figuran na documentación achegada. A maiores, comenta que debe incluírse na proposta unha nova área na materia “Comunicación Oral e Escrita” do plan do Grao en Dereito. Incorporárase a Área de Lingua Española.

Tras a exposición do vicerreitor, Fernando Agrasar opina que para a Área de Física para Arquitectura I e II non se debe aprobar a adscrición de Física Aplicada, porque non é impartida por arquitectos, sendo suficiente coas tres áreas que hai agora, que incorporan ao proxecto docente de xeito máis completo o punto de vista do plan de estudos da Arquitectura.

Carmen Ramírez intervén para manifestar a súa oposición ao criterio expresado por Fernando Agrasar, pois a Física Aplicada pode ser igualmente útil e apta para formar arquitectos. Fernanda Miguélez súmase a esta opinión. Moisés Canle considera que é posible e conveniente incorporar este tipo de materias ao proxecto docente de cada centro, polo que tamén se opón á proposta de Fernando Agrasar.

Co voto en contra dos profesores Fernando Agrasar e Inés Pernas, apróbase por asentimento e incorpórase como **anexo XII**.

13. Proposta de nomeamento de profesores honorarios

O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente solicita renovar a condición de profesor honorario de José María de Juan-García Aguado, da Área de Construcións Navais. Esta segunda prórroga iría desde o 01/09/2015 ao 31/08/2017.

Apróbase por asentimento e incorpórase como **anexo XIII**.

14. Quenda aberta de intervencións

Na quenda aberta de intervencións, prodúcense as seguintes:

Ana Barxa solicita eliminar a notificación das notas por sms para aforrar gasto.

Guillermo Lorenzo comenta que a tardanza na convocatoria e resolución das bolsas UDC-Inditex para estudos de doutoramento impide que os doutorandos poidan desprazarse aos países en tempo e forma. Solicita que o período de aproveitamento sexa dun ano desde a concesión das bolsas, tal e como fai a Fundación Barrié.



Sonia Souto comenta que os prazos para depositar a tese dos doutorandos dos programas de doutoramento vellos son moi apertados. Sobrecarga a 30 de setembro. Pregunta se hai posibilidade de ampliar os prazos.

Luis Castedo pregunta sobre a posibilidade de que se negociase co Concello a cesión do NH Atlántico como sede da residencia da UDC. Manifesta tamén a inquedanza da comunidade universitaria sobre a situación da tesouraría da Universidade e sobre os procesos de reforma das estruturas, polo que considera que debería reunirse o Claustro. Polo demais, considera que a avaliación externa das nosas estruturas non é incompatible coa autonomía universitaria.

Xosé Portela preguntalle á vicerreitora de Planificación Económica en que consiste o plan de axuste que se está negociando coa Xunta de Galicia.

O reitor contesta que haberá que estudar o tema da notificación das cualificacións por SMS para ver se realmente supón un aforro.

O vicerreitor de Investigación e Transferencia comenta sobre as bolsas de Inditex que a resolución destas bolsas será en setembro, probablemente. A convocatoria, non obstante, di o que di, establece os prazos de aproveitamento claramente, e non cre que poida haber marxe para modificala, aínda que lle trasladará esta idea á representación da UDC e de Inditex para que se valore para a seguinte convocatoria.

Sobre os prazos de depósito de teses de doutoramento, comenta que non hai marxe para os ampliar, porque xa se avisou con moita antelación deste prazo interno (en outubro do 2014) para cumprir co prazo establecido polo Real decreto de estudos de doutoramento (febreiro do 2016), prazo que é inamovible.

Sobre a proposta electoral da Marea Atlántica, o reitor di que, na súa entrevista co alcalde, este lembrou que a concesión do NH Atlántico remata en 2017, polo que entende que cómpre buscar outras alternativas operativas para o seguinte curso académico. En concreto, o reitor ten a intención de retomar a proposta do internado do Calvo Sotelo, unha vez que se constituíu xa a nova Deputación da Coruña.

Sobre a convocatoria de Claustro, o reitor considera que a comisión de traballo que se vén de aprobar poderá valorar esta posibilidade, ou outras máis directas, para garantir a máxima participación da comunidade



universitaria. Sobre a avaliación externa do proceso de racionalización, lembra que o punto cuarto do acordo prevé esa posibilidade de contraste con expertos externos.

A vicerreitora de Planificación Económica e Infraestruturas aclara que o procedemento de axuste está previsto na propia normativa orzamentaria. O proceso consiste en amosarlle á Xunta as previsións de ingresos e gasto, a previsión de execución orzamentaria á data de peche, e a estimación de déficit. A partir de aí discútese as medidas de axuste de ingresos e gastos para ir pechando o déficit paulatinamente. O axuste no gasto corrente xa se está producindo durante este exercicio (reformulación de axudas a residencia, adquisición de enerxía no mercado diario), e estanse a discutir outras propostas de axuste onde hai marxe.

Xosé Portela expresa, respecto do Plan director, que o PAS nunca tivo información sobre a súa concreción. Sobre o plan de axuste, lembra que a USC aprobou o seu plan de axuste nun claustro. A vicerreitora lembra que a situación de ambas as universidades é moi distinta, pois nin hai débeda nin os nosos estatutos lle dan a competencia de aprobación do orzamento ao Claustro, polo que o noso axuste non se producirá nos mesmos termos que en Santiago.

Tras as anteriores intervencións, o reitor desexa boas vacacións a quen as poida ter, rematando a sesión ás 11:44 horas, do que eu, como secretario, dou fe, co visto e praxe do presidente.

Visto e praxe

O secretario xeral

O presidente

Carlos Amoedo Souto

Xosé Luís Armesto Barbeito